



Acceso

Acceso libre, sen requisitos específicos, agás os derivados da lexislación estatal e autonómica vixente

Servizos

Consulta en sala

Con capacidade para oito investigadores, ofrécese ademais información e asesoramento técnico.

Reprografía

Facilitanse fotocopias simples, copias compulsadas e/ou certificadas, copias en formato dixital, dos documentos que forman parte do fondo do arquivo, sempre que a normativa e as condicións de conservación o permitan.

Biblioteca auxiliar


É unha biblioteca especializada en arquivística, historia, dereito administrativo e temas de Galicia. Pódese consultar na sala

Horario de atención ao público

Inverno 8:30 – 14:30 h.

Verán 8:00 – 14:00 h.

*Abad del monje reb. Nra. m. ba. de
rengana cuyo da netore. el monje p
son m. no de joeba y sus bienes y or m
con non bre. re. los a. tras monje del
monje y abades. que biveron. sus*



Cómo chegar



Coordenadas: 43.372412, -8.423133
Transporte Público: líneas de autobuses
3 -3A - 12 - 12A - 14



981 261 001




Rúa Archer Milton Huntington, 24
15011 A Coruña
www.archivo.dicoruna.es



archivo@dacoruna.gal


ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA




Deputación
DA CORUÑA


Historia do Arquivo

O Arquivo da Deputación xorde ao mesmo tempo que a institución, non obstante a primeira noticia certa da súa existencia témola no “Regulamento interior das dependencias da Deputación Provincial da Coruña” de 1889, onde establecíanse as súas funcións. Así mesmo consta en 1888 o nomeamento como arquivero-bibliotecario de Bernardo Barreiro de Vázquez Varela e o de Manuel Murguía en 1909.



A sede do Arquivo sufriu diversos traslados a través do tempo: durante o século XIX e primeira metade do XX, o Arquivo acompañou á institución polos diversos edificios da cidade coruñesa que esta ocupou, entre eles o edificio do Teatro Rosalía de Castro. Dende 1985 o Arquivo atópase na rúa Archer Milton Huntington. A partir desta data iníciáanse os traballos de descripción documental que continúan na actualidade.

Hoxe en día o Arquivo desta Deputación Provincial constitúe unha Sección que depende orgánicamente da Secretaría Xeral.



Visita de Alfonso XII en 1900.
Libro de actas de sesións da Comisión Provincial

Función

O arquivo da Deputación da Coruña organiza, custodia e difunde a documentación xerada por dita institución no exercicio das súas funcións e outros fondos que ingresan mediante doazón, compra ou transferencia, poñéndoa ao servizo da propia institución, do cidadán e da Administración.

*Abas del monje de...
de...
son...
con nombre de los...
monje y abades que...*



O edificio do Arquivo da Deputación da Coruña ocupa unha superficie de 1625 m² útiles distribuída en catro plantas nas que se sitúan os depósitos de documentación, salas de investigadores e zonas de traballo para o persoal. Por cuestións de espazo o arquivo conta cun depósito secundario no Colexio da Milagrosa de 550 m²

